

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

- 2704** *Real decreto 169/2011, do 11 de febreiro, polo que se modifican o Real decreto 365/2010, do 26 de marzo, polo que se regula a asignación dos múltiples da televisión dixital terrestre tras o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica e o Real decreto 691/2010, do 20 de maio, polo que se regula a televisión dixital terrestre en alta definición.*

Mediante o Real decreto 365/2010, do 26 de marzo, regulouse a asignación dos múltiples da televisión dixital terrestre tras o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica, que se levou a cabo o día 3 de abril de 2010.

Nesta norma lembrábase que o Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Terrestre, prevía que, no escenario tras o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica, cada unha das sociedades concesionarias do servizo público de televisión terrestre de ámbito estatal accedería, logo de solicitude, a un múltiple dixital de cobertura estatal, sempre que acreditase o cumprimento das condicións establecidas, principalmente relacionadas co impulso e desenvolvemento da televisión dixital terrestre.

Por tanto, o obxectivo do Real decreto 365/2010, do 26 de marzo, era determinar os criterios que se ían aplicar para a planificación dos múltiples dixitais de ámbito estatal e autonómico que se porían á disposición dos operadores de televisión e das comunidades autónomas, tras o cesamento das emisións con tecnoloxía analóxica.

En cumprimento deste real decreto, o Acordo do Consello de Ministros do 16 de xullo de 2010 asignou un múltiple dixital de cobertura estatal a cada unha das sociedades concesionarias do servizo de televisión dixital terrestre de ámbito estatal.

Non obstante, o acceso ao múltiple dixital definitivo producirase, en todo caso, antes de finalizar 2014, de acordo coas fases establecidas no Real decreto 365/2010, do 26 de marzo, polo que se regula a asignación dos múltiples da televisión dixital terrestre tras o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica, de forma que cada unha das sociedades mencionadas accederá, con carácter transitorio, á capacidade equivalente dun múltiple dixital de cobertura estatal distribuída entre dous múltiples dixitais.

Por outro lado, o Real decreto 691/2010, do 20 de maio, polo que se regula a televisión dixital terrestre en alta definición, ten como obxecto a regulación das condicións e as especificacións técnicas que se deberán cumprir para efectuar as emisións de televisión dixital terrestre en alta definición.

Desde a aprobación destes reais decretos e do cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica producíronse avances tecnolóxicos que se traducen nunha maior eficacia dos sistemas de compresión dos sinais de audio e vídeo que compoñen un sinal de televisión, de forma que se produce unha maior eficiencia no uso dos recursos radioeléctricos asignados e, en consecuencia, a posibilidade de emitir canles de televisión cunha maior calidade técnica ou incrementar o número de canles.

Isto deu lugar a que as sociedades licenciatarias do servizo de televisión terrestre de ámbito estatal, dentro da capacidade asignada polo Real decreto 365/2010, do 26 de marzo, e o Acordo do Consello de Ministros do 16 de xullo de 2010, iniciasen a emisión simultánea dalgunhas das súas canles de televisión dixital terrestre mediante calidade de alta definición.

A televisión en alta definición supón unha mellora considerable da calidade da imaxe con respecto ás emisións de televisión con definición estándar, polo que o cidadán recibe un servizo de calidade superior.

Adicionalmente, a xeneralización das emisións de televisión en alta definición supón un novo impulso ao desenvolvemento de innovacións tecnolóxicas neste campo e unha

ventá de oportunidades comerciais para a industria de fabricación de equipamentos e as entidades de distribución comercial que poñan á disposición do consumidor os ditos equipamentos avanzados.

Por todo isto, considérase que non se deben pór impedimentos á prestación de servizos de televisión de maior calidade, que supoñan un acicate á innovación tecnolóxica e ao desenvolvemento comercial do mercado e da economía, como é o caso da televisión dixital terrestre en alta definición, sempre e cando se leve a cabo a través da capacidade espectral inicialmente asignada, isto é, sen asignar capacidade espectral adicional aos operadores ou sociedades licenciatarias.

En consecuencia, considérase oportuno suprimir a limitación xa comentada establecida na fase 1 referida no Real decreto 365/2010, do 26 de marzo, de que as sociedades licenciatarias do servizo de televisión terrestre de ámbito estatal compartirán a capacidade asignada mediante a explotación por cada unha delas de dúas canles dixitais de televisión en cada múltiple, de forma que, mediante unha fórmula máis flexible e sen cingula á emisión de dúas canles, esta mesma capacidade compartirase mediante a explotación a partes iguais por cada unha delas.

Esta xeneralización das emisións de televisión en alta definición debe ir acompañada dunha maior información ao cidadán, para que este saiba en todo momento cando realmente recibe unha emisión de televisión dixital terrestre en alta definición.

Por isto, modifícase o Real decreto 691/2010, do 20 de maio, polo que se regula a televisión dixital terrestre en alta definición, establecendo que as entidades habilitadas para a prestación de servizos de televisión dixital terrestre só poderán sinalizar en pantalla que un programa de televisión está sendo emitido en alta definición cando ese programa fose producido e editado en orixe cunha resolución vertical da compoñente de vídeo igual ou superior a 720 liñas activas cunha relación de aspecto de 16:9, sen prexuízo de que o seu contido poida estar conformado parcialmente con fragmentos de contidos ou programas que non fosen producidos coas ditas características.

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de telecomunicacións recoñecida no artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de febreiro de 2011,

#### DISPOÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Real decreto 365/2010, do 26 de marzo, polo que se regula a asignación dos múltiples da televisión dixital terrestre tras o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica.*

Modifícase o artigo 3.1 do Real decreto 365/2010, do 26 de marzo, polo que se regula a asignación dos múltiples da televisión dixital terrestre tras o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. Cada unha das sociedades concesionarias do servizo público de televisión terrestre de ámbito estatal, se acreditou o cumprimento das condicións a que se refire o artigo 1, accederá á capacidade equivalente dun múltiple dixital de cobertura estatal para a súa explotación en réxime de xestión indirecta.

Para tal efecto, seguiranse as dúas etapas seguintes:

a) Etapa 1, que se inicia no momento en que se autorice o acceso á nova capacidade e finaliza seis meses despois.

As sociedades concesionarias do servizo público de televisión terrestre de ámbito estatal poderán seguir explotando a capacidade dos múltiples dixitais asociados ás canles radioeléctricas 66, 67, 68 e 69, e tamén poderán explotar a capacidade de tres novos múltiples dixitais que se planificarán.

Nos tres novos múltiples dixitais que se asignarán ao inicio desta fase, as sociedades concesionarias do servizo público de televisión terrestre de ámbito estatal compartirán a súa capacidade mediante a explotación por cada unha delas de dúas canles dixitais de televisión nun dos novos múltiples dixitais.

Nesta etapa, as sociedades concesionarias do servizo público de televisión terrestre de ámbito estatal deberán alcanzar nos tres novos múltiples dixitais planificados, polo menos, unha cobertura do 90 por cento da poboación.

b) Etapa 2, que se estende durante tres meses adicionais.

As sociedades concesionarias do servizo público de televisión terrestre de ámbito estatal seguirán explotando os múltiples dixitais a que se refire a etapa anterior.

Para tal efecto, deixarán de explotar a capacidade do múltiple dixital asociado á canle radioelétrica 66, e nos múltiples dixitais asociados ás canles radioeléctricas 67, 68 e 69 compartirán a súa capacidade mediante a explotación a partes iguais por cada unha delas da metade da capacidade dun dos citados múltiples dixitais.

Igualmente, compartirán a capacidade dos novos múltiples dixitais planificados e asignados na etapa anterior mediante a explotación a partes iguais por cada unha delas da metade da capacidade dun dos citados múltiples dixitais.

En aplicación do disposto no artigo 24.2 da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, as melloras tecnolóxicas que permitan un maior aproveitamento do dominio público para a comunicación audiovisual non habilitarán para exceder as condicións establecidas na licenza e, en particular, para desfrutar dun maior número de canles de pagamento ou en aberto cuxa emisión se habilitase.

En consecuencia, as sociedades, no conxunto das dúas metades da capacidade dos múltiples dixitais sinalados nos parágrafos anteriores, só poderán emitir, desde o punto de vista da programación, catro canles de televisión, e poderán explotar canles dixitais adicionais sempre que efectúen unha emisión íntegra e simultánea da programación dalgunha das catro canles de televisión.

Por resolución da Axencia Estatal de Radiocomunicacións, como actuación de reorganización do espectro radioelétrico para liberar a subbanda de frecuencias 790-862 MHz, poderase establecer a utilización transitoria do múltiple dixital asociado á canle radioelétrica 66 por un prazo máximo de tres meses, co obxectivo de evitar perdas de recepción de canles dixitais de televisión que ata ese momento reciben os usuarios.

Nesta etapa, as sociedades concesionarias do servizo público de televisión terrestre de ámbito estatal deberán alcanzar nos tres novos múltiples dixitais planificados, polo menos, unha cobertura do 96 por cento da poboación.

A planificación dos tres novos múltiples dixitais mencionados anteriormente estará baseada nas canles analóxicas que veñen explotando «Antena 3 de Televisión, S.A.», «Gestevisión Telecinco, S.A.», e «Sociedad General de Televisión Cuatro, S.A.U.», e será realizada pola Axencia Estatal de Radiocomunicacións, de acordo cos seguintes criterios:

1.º Para cada un dos tres novos múltiples dixitais establecerase unha rede de ámbito estatal tomando como base as áreas xeográficas definidas polos proxectos técnicos identificados no Plan Nacional de Transición á Televisión Dixital Terrestre, aprobado por Acordo do Consello de Ministros do 7 de setembro de 2007.

2.º En cada unha destas áreas xeográficas establecerase unha rede, tomando como base as canles radioeléctricas que se encontran inscritas no Plan de Xenebra 2006, integrado no Acordo da Conferencia Rexional de Radiocomunicacións (CRR-2006), adoptado en Xenebra en xuño de 2006, así como as inscricións posteriormente introducidas neste plan con base nos acordos de coordinación alcanzados por España con outros países.

3.º Na planificación dos tres novos múltiples dixitais non se utilizarán canles radioeléctricas da subbanda de frecuencias de 790 a 862 MHz (canles radioeléctricas 61 a 69).

A asignación concreta a cada unha das sociedades concesionarias do servizo público de televisión terrestre de ámbito estatal da capacidade equivalente dun múltiple dixital de cobertura estatal, a cal estará distribuída entre dous múltiples dixitais, efectuaráa a Axencia Estatal de Radiocomunicacións, tendo en conta as posibles propostas formuladas polas sociedades concesionarias. Esa asignación incluírá, así mesmo, a capacidade de transmisión que se poderá utilizar para a prestación de servizos adicionais distintos do de difusión de televisión.»

**Artigo segundo.** *Modificación do Real decreto 691/2010, do 20 de maio, polo que se regula a televisión dixital terrestre en alta definición.*

Introdúcese un novo artigo 4 no Real decreto 691/2010, do 20 de maio, polo que se regula a televisión dixital terrestre en alta definición, coa seguinte redacción:

«Artigo 4. *Información ao usuario dos servizos de televisión dixital terrestre en alta definición.*

As entidades habilitadas para a prestación de servizos de televisión dixital terrestre só poderán sinalizar en pantalla que un programa de televisión está sendo emitido en alta definición, con independencia do símbolo representativo ou logotipo utilizado, en especial, coas siglas HD, cando ese programa fose producido e editado en orixe cunha resolución vertical da compoñente de vídeo igual ou superior a 720 liñas activas cunha relación de aspecto de 16:9, sen prexuízo de que o seu contido poida estar conformado parcialmente con fragmentos de contidos ou programas que non fosen producidos coas ditas características.»

**Disposición derradeira primeira.** *Desenvolvemento regulamentario e aplicación.*

O ministro de Industria, Turismo e Comercio ditará cantas disposicións e medidas sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

**Disposición derradeira segunda.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de telecomunicacións.

**Disposición derradeira terceira.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de febreiro de 2011

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,  
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN